

MOCIÓN SOBRE O PUNTA SOCORRO.

PLENO 03 DE MAIO 2017. ACTA 05/2017

ANTECEDENTES:

Moción do grupo AER do día 23/02/2017 con número 2.581 que se transcribe a continuación:

“Considerando o uso habitual que moitas persoas fan do denominado “paseo da Portela” e a importancia que supón para a cidadanía en xeral a recuperación dos espazos públicos así como a da recuperación da nosa historia a través do patrimonio. Considerando que contamos cun espazo “público” na denominada Punta Socorro que no seu momento supuxo unha cesión de uso industrial e, que a día de hoxe, non ten actividade algunha que xustifique dita cesión.

Considerando o establecido na lei de costas no seu artigo 27: “

1. A servidume de tránsito recaerá sobre unha franxa de 6 metros, medidos terra adentro a partir do límite interior da ribeira do mar. Esta zona deberá deixarse permanentemente expedita para o paso público peonil e para os vehículos de vixiancia e salvamento, salvo en espazos especialmente protexidos.

Por todo o anteriormente exposto, a Agrupación de Electores de Redondela propón ao Pleno do Concello de Redondela os seguintes acordos:

ACORDOS:

A) Solicitar da Subdirección General de Dominio Público Marítimo-Terrestre:

1.- Restablecemento da servidume de tránsito no perímetro de Punta Socorro. Para o cal se adxuntarán os planos necesarios aportados polos técnicos municipais.

2.- Iniciar expediente de reposición do dominio público existente en Punta Socorro segundo establece a cesión que no seu día se realizou.

B) Iniciar por parte do Concello os estudos pertinentes para poñer en valor o patrimonio industrial abandonado da zona mencionada.”

VOTACIÓN E ACORDO.-

Instada a votación da moción anteriormente transcrita coa incorporación do punto punto 3.- no apartado A) dos acordos: Restablecemento da servidume de tránsito na beiramar de todo o Concello de Redondela, entre Soutoxusto e Chapela, non se aproba, sendo 6 votos a favor (4 de AER, 1 do BNG e 1 da concelleira non adscrita), 6 abstencións do PsdeG-PSOE e 9 en contra do PP.